



ALEIXANDRE, M. A cabeza da Medusa

A amplificación social da violación e tamén a procura dos amor(ot)es ventureiros, o papel do amor e a amizade na resistencia ao medo e á vergoña son temas abordados nesta magnífica novela con valentía, claridade e tenrura.



REIMÓNDEZ, M. O club da calceta

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. Inspiradas na figura liberadora da tía Davina, Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda van facendo ás lectoras e lectores partícipes da súa historia desde un multiperspectivismo que desfai os fios dunha sociedade machista.

CLÁSICOS DO CINE



Las mil y una noches

Impresionante película de aventuras nomeada a 4 Oscar (1942), protagonizada por María Montez, John Hall e Sabu. O califa Harum é derrocado e perseguido polo seu ambicioso irmán Kamar. Malferido, refúxiase no circo onde traballa a bailarina Sherezade, quen lle axudará a recuperar o trono. Unha obra mestra para amantes do cine épico.



West side story

Os Montesco e Capuleto non son familias senón bandas rueiras, non viven en Verona senón en Manhattan, e as súas rivalidades dilucidanas bailando ao ritmo de Leonard Bernstein. Un musical de inmenso éxito que adaptou de Broadway a historia de Romeo e Julieta, cuns espléndidos números de baile, para conseguir a gloria con 10 Oscars.



Zorba el griego

Un desesperanzado inglés decátase de que posúe unha pequena herdanza nunha illa grega. A súa triste existencia cambia cando coñece a Zorba, un home grego amante da vida. Mentres descobre os praceres da terra grega, ve como a súa vida empeza a cambiar.



Drácula

Antes de converterse nun vampiro, o conde Drácula era o príncipe Vlad, que ao decatarse da morte da súa amada vendeu a súa alma ao diablo. Así pasou o tempo ata que catro séculos máis tarde, en Londres, atopa a Mina, a reencarnación do seu antigo amor. Sen dubidalo articulará un ambicioso plan para ir na súa procura e recuperala.



Para que no me olvides

Irene (Emma Vilarasau) vive con Mateo (Fernando Fernán-Gómez), o seu pai, e co seu fillo David (Roger Coma), un mozo de 22 anos. A convivencia é armoniosa e feliz, pero un conflito desátase: David decidiu irse a vivir coa súa noiva, Clara (Marta Etura). Irene non entende que o seu fillo teña unha relación cunha moza sen ambicións. David atopa no seu avó a complicidade necesaria para levar a cabo os seus plans.

A BIBLIOTECA DO IES REPÚBLICA O. DO URUGUAI DESÉXAVOS BO NADAL E



BOAS LECTURAS PARA O ANO 2010

De 12 a 16 anos

H.M. ENZENSBERGER. El diablo de los números.

A Robert non lle gustan as Matemáticas, como sucede a moitas persoas, porque non as acaba de entender.

Pero unha noite el soña cun díaño que pretende iniciarlle na ciencia dos números. Naturalmente, Robert pensa que é outro dos seus frecuentes pesadelos, pero en realidade é o comezo dun percorrido novo e apaixonante a través do mundo das Matemáticas.

VERNE,J. La vuelta al mundo en 80 días

Phileas Fogg, un excéntrico inventor londinense, acaba de descubrir os segredos do vo aéreo, a electricidade, e ata os patíns en liña, pero a sociedade victoriana tómalle por demente. Desesperado por ser tomado en serio, Fogg reta a Lord Kelvin, mediante unha increíble aposta: afirma que será capaz de circunnavegar o globo terráqueo en menos de 80 días.

CÁMARA, S.& DURÁN, V. El dibujo manga

Un libro para acercar os recursos do manga a todas as persoas que estén buscando una obra que recopile os diversos xéneros, estilos e plantexamentos necesarios para dibuxar neste variadísimo universo gráfico.

SANTOS,C. El anillo de Irina

O primeiro amor é o máis forte, e Alejandro non poderá esquecer a Irina e ás estranas circunstancias que rodearon o seu gran amor de adolescencia. Escribir será para el unha boa táboa de salvación...

TOWNSEND,S. Diario secreto de Adrián Mole





Adrián Mole é un adolescente británico de 13 anos e 3/4 que vive dunha forma moi peculiar a separación dos seus pais. O seu mundo é un pouco pechado, séntese desprazado pero non por iso se rende. Ten algúns amigos bastante orixinais e unha namorada. Vive preocupado polos seus grans e polo comportamento dos seus pais. Vai narrando no seu diario a súa vida cunha perspectiva simpática e moi tenra.

LAWRENCE,C. El fugitivo de Corinto

No porto grego de Corinto, o mozo e atractivo preceptor de Flavia, Aristo, é acusado de cometer un terrible delito contra o pai da súa pupila. Cando Aristo foxe sen dar explicacións, Flavia e os seus tres amigos deciden saír na súa persecución. As estrañas pistas que van atopando ao longo do camiño lévanos ata o oráculo de Delfos e a Acrópole ateniense.

HADDON,M. El curioso incidente del perro a medianoche

Con quince anos, Christopher pode explicar a teorá da relatividade e recitar os números primos, pero cóstalle relacionarse cos seres humanos. Unha noite o can da veciña aparece morto e el, emulando a Sherlock Holmes, decide buscar o culpable. Esto lévao a cuestionar o sentido común dos adultos que o rodean e a desvelar algún secreto familiar que porá patas arriba o seu ordenado e seguro mundo.



GALLEGO,L. El valle de los lobos

É a historia dunha nena, Dana, que vive nunha granxa e ten un amigo que se chama Kai. Ata aquí, todo normal. O problema é que Kai é invisible para todos excepto para Dana, e nin seque-
ra ela o pode tocar. Sen saber aínda se Kai é real ou non, Dana é requirida polo Mestre, un home misterioso, para que acuda con el ao seu fogar: a Torre, no remoto Val dos Lobos. Cando chegan alí, Dana descobre con sorpresa que a Torre é en realidade unha escola de maxia...

BLANCO, V. Veni, vidi en bici

Esta divertida novela transpórtate no tempo, evidenciando que a mocidade, en calquera época e lugar, ten as mesmas inxedanzas.

De 16 anos cara adiante

PÉREZ NAVARRO & SAURÍ,M. La Odisea

Excelente argumento o de Homero, que o sentido de síntese dun novo escritor como Pérez Navarro converteu en guión de cómic, e un debuxante como Martín Saurí materializou en vigorosos deseños, en elegantes e á vez barrocas imaxes.

VILLAR,D. A praia dos afogados

Nunha praia de Panxón, na ría de Vigo, aparece o cadáver dun mariñeiro coas mans atadas cunha brida de plástico. Os veciños falan dun suicidio, mais as primeiras investigacións amosan unha realidade diferente que levará o inspector Leo Caldas a mergullarse no ambiente mariñeiro da vila, nun universo onde o vento funga historias de naufraxios e de heroes que venceron o mar.

SEPÚLVEDA,L. Un viejo que leía novelas de amor

Na novela permíteselle (ao lector) achegarse a un paraíso perdido pero en perigo de extinción, permítelle reencontrarse cunha forma moi simple de vivir, que é a que ten o personaxe, quen basea o seu existir simplemente nunha cousa que é fundamental: o respecto ao outro.

ANEIROS,R. Resistencia

É unha novela apaixonante, escrita co ímpeto da vida, difícil de esquecer, fermosa e memorable; toda unha singradura a través da historia portuguesa da man de dúas familias maldecidas pola escravitude do amor, a morte e o silencio. Denis, un obreiro, e Filipa, filla dun rico comerciante, namoraron perdidamente sen calibrar as consecuencias.

REVERTE,J. Corazón de Ulises. Un viaje griego

Pasado e presente mestúranse seguindo os pasos de Ulises, bordeando a costa oriental turca e fondeando en Alexandría. Os ecos de Homero e reviven nesta fascinante viaxe onde conviven os sonhos, o descubrimento revelador e a lembranza dunha experiencia única.